

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións e axudas***CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIÓNS NO ÁMBITO SOCIAL EN 2023***CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIÓNS NO ÁMBITO SOCIAL EN 2023**

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, convoca cada ano unha liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro co fin de promover a realización de actuacións centradas nos colectivos que precisan apoio desde o punto de vista social.

Segundo o establecido no artigo 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se encontran en situación ou risco de exclusión social, e as entidades de iniciativa social son un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste eido. Así, con esta convocatoria búscase fomentar a posta en marcha de actividades e iniciativas desenvolvidas polas entidades sociais da provincia de Pontevedra para mellorar a calidade de vida e a integración das persoas que se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade.

Esta liña de subvencións ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra e as persoas destinatarias finais son arredor de 5.000 usuarias directas e 15.000 indirectas. Do mesmo xeito, apréciase a existencia de interese público lexítimo na acción pública que se propón e a ausencia de duplicidade, dado que a institución provincial convoca estas axudas desde hai máis de vinte anos, desde antes da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, polo que o ámbito competencial que se exerce está consolidado por esta Administración. Ademais, con estas axudas non se pon en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda provincial ao estar xa previstas no Orzamento provincial para o ano 2023.

Así mesmo, desde o punto de vista competencial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establécese que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

En particular, no artigo 109 letra d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP); na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria da concesión de axudas dirixidas a entidades sen fins de lucro para o ano 2023.

Segunda. Finalidade

A finalidade destas bases serán as actividades e proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio 2023, dirixidas a colectivos que polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga se atopen en situación de desvantaxe e vulnerabilidade social.

Quedan fóra do obxecto desta convocatoria as actividades e os proxectos que teñan por finalidade conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista, ao existir nesta institución provincial unha convocatoria neste eido.

Terceira. Financiamento, contías e límites

3.1. A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 23/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2023, ascende a catrocentos setenta mil (470.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

3.2. Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 80 % do seu orzamento nin a cantidade de sete mil (7.000,00) euros.

Cuarta. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo primeira e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.

Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou patrocinios, públicos ou privados, para o mesmo proxecto ou finalidade.

En todo caso, a entidade deberá comunicar a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, unha vez teñan coñecemento da súa existencia, e, en todo caso, antes de xustificar os fondos percibidos, o que poderá orixinar as correspondentes minoracións no importe da axuda concedida. Así mesmo, no momento da xustificación, deberá comunicar, no seu caso, a asignación de fondos propios ao desenvolvemento da actuación.

Quinta. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter a sede social ou unha delegación na provincia de Pontevedra
- Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro. No caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria
- Carecer de fins de lucro e ter obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos
- Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra
- Non incorrer nalguna das prohibición previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas

Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de vixencia desta convocatoria.

Sexta. Gastos subvencionables

6.1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

Terá a consideración de gasto realizado o efectivamente aboado antes de finalizar o prazo de xustificación.

En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

6.2. A título enunciativo e non taxativo, serán gastos subvencionables os seguintes:



6.2.1 Custos directos

Aqueles imprescindibles para poñer en marcha a actuación susceptible de subvención e vinculados á súa execución:

- *Materiais consumibles*: consideraranse como tales os funxibles; é dicir, os que segundo o seu número, medida ou peso poden substituírse por outros.

Para estes efectos, consideraranse o material de escritorio consumible, incluído o informático, o de formación, o de reprografía e imprenta e calquera outro de natureza análoga.

- *Persoal*: comprenden salarios e seguros sociais do persoal afecto á actividade subvencionable.

- *Servizos técnicos e profesionais* requiridos para realizar análises de necesidades, diagnósticos, capacitacións, seminarios ou informes previstos para executar a actuación subvencionable.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos e aos importes establecidos no orzamento inicial. Aceptaránse desviacións dun máximo do 20 % respecto ao orzamento inicial pormenorizado.

6.2.2 Custos indirectos

Son aqueles gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante que resulten da formulación e execución da actuación, coma gastos de alugueiro ou mantemento de instalacións (luz, auga, teléfono etc.).

Estes custos non poderán superar o 5 % dos custos directos e imputaráselle á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e coas normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales gastos se correspondan co período e coa actividade subvencionables.

6.2.3 Impostos e tributos

En ningún caso serán considerados gastos subvencionables os impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación; neste suposto, de proceder a subvención, o cálculo farase sobre o orzamento da actividade sen o imposto sobre o valor engadido. Os tributos serán subvencionables cando a entidade beneficiaria da subvención os aboe efectivamente e o xustifique cumpridamente.

6.2.4 Prestación de servizo continuado

Cando a actividade que se vai subvencionar se corresponda coa única actividade da entidade (prestación de servizo continuado), consideraranse gastos directos todos os da entidade, que deberán reflectirse no apartado de gastos directos do orzamento; así mesmo, ao persoal imputaráselle o 100 % da súa xornada laboral.



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

6.2.5 Outros gastos

Tamén será obxecto de subvención calquera outro gasto directo ou indirecto non especificado nos apartados anteriores que garde relación directa coa actividade obxecto da subvención e que a entidade beneficiaria xustifique.

6.3 En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables os seguintes:

- As actividades ou os investimentos subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación de Pontevedra
- As viaxes de lecer, as excursións e os gastos gastronómicos, agás cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para o seu desenvolvemento
- Os destinados a atencións protocolarias (comidas, festas, recepcións, agasallos, flores etc.)
- As adquisicións de bens ou gastos que teñan a consideración de investimento
- As actividades lúdicas, culturais ou deportivas, agás cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarias para o seu desenvolvemento
- Os relativos á manutención e desprazamento, agás que a entidade solicitante especifique claramente a necesidade e a adecuación deses gastos á finalidade da subvención
- Os intereses debedores das contas bancarias
- Os intereses, os recargos e as sancións administrativas e penais
- Os correspondentes a procedementos xudiciais
- As amortizacións de bens inventariables

Sétima. Compatibilidade das subvencións

As subvencións concedidas pola Deputación de Pontevedra nesta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada.

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra, e nese caso o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude contempladas no orzamento de esta institución para o exercicio 2023 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

Oitava. Presentación de solicitudes e prazo

8.1 As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

8.2 O prazo para a presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Documentación complementaria

Para todas as solicitudes é obrigatorio presentar a documentación que proceda en cada caso de acordo coa seguinte orde:

1. Acreditación da capacidade de representación da persoa que actúa en nome da entidade, no caso de non empregar un certificado electrónico cualificado de representante. A acreditación da representación poderá facerse por calquera dos medios recollidos no artigo 5 da LPACAP e no artigo 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e na demais normativa que resulte de aplicación.

2. Un índice numerado e paxinado, no que se recollerá de xeito ordenado a documentación complementaria que acompañe a solicitude. Esta documentación achegarase en arquivos independentes en formato PDF co nome de cada arquivo segundo o índice.

3. Proxecto descritivo da actividade para a que se solicita a subvención, segundo o establecido no documento anexo a estas bases. A non presentación do proxecto constituirá un defecto non emendable e a solicitude non se admitirá a trámite ao ter este carácter esencial para a tramitación das solicitudes.

4. Escritura de constitución da asociación ou entidade, para aquelas entidades que participen por primeira vez nesta liña de axudas.

5. Estatutos vixentes da entidade solicitante.

6. Descrición das actividades desenvolvidas durante o exercicio anterior e a previsión para o ano en curso.



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

7. Co fin de comprobar aqueles aspectos que se terán en conta para valorar os criterios da entidade, de acordo co contemplado na base décimo segunda, deberá achegarse, se procede, a seguinte documentación:

- Xustificación da promoción da contratación de persoal con discapacidade no exercicio de 2022
- Acreditación de estar inscrita no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia
- Plan de igualdade vixente
- Memoria explicativa onde se fagan constar a promoción, o aliñamento ou a sensibilización cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)
- Documentación acreditativa da coordinación cos servizos sociais comunitarios municipais no exercicio de 2022
- Documentación acreditativa da coordinación ou da colaboración con outras administracións públicas non municipais no exercicio de 2022
- Certificados de calidade vixentes
- Premios ou recoñecementos outorgados durante os últimos dous anos
- Documentación acreditativa de entidade de utilidade pública
- Calquera outro documento relevante para os efectos desta convocatoria

As entidades responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Décima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou os elaborados polas restantes administracións públicas, excepto que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- NIF da entidade solicitante
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante
- Domicilio fiscal da entidade
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa institución provincial
- Inscripción no RUEPSS da Xunta de Galicia

No caso de opoñerse á consulta, deberase indicar no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes. No suposto de imposibilidade material de obter o



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

documento, o órgano competente poderá requirirille á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se realiza o trámite.

Non será válido usar outros medios de comunicación coma correos electrónicos ou outros. Así mesmo, só poderá contactarse coas entidades mediante chamada telefónica con fins informativos ou aclaratorios; estas rexistraranse no expediente, pero non terán valor xurídico.

Décimo segunda. Valoración e criterios de concesión

Os criterios de valoración das solicitudes desagregaranse en criterios relacionados coa entidade e criterios relacionados co proxecto presentado, segundo se detalla nos apartados seguintes, nos que se indican as puntuacións máximas asignadas a estes.

Cada actuación poderá valorarse ata un máximo de 100 puntos, segundo os seguintes criterios:

A) CRITERIOS RELACIONADOS COA ENTIDADE (máximo de 30 puntos):

1. Traxectoria e experiencia da entidade no ámbito social (máximo de 10 puntos)

- Traxectoria da entidade (máximo de 3 puntos)
 - Constituída con 5 ou máis anos de antigüidade: 3 puntos
 - Constituída con menos de 5 anos de antigüidade: 1 punto
- Entidade inscrita no RUEPSS (máximo de 3 puntos)
 - Inscrita no RUEPSS desde hai 5 anos ou máis: 3 puntos
 - Inscrita no RUEPSS desde hai menos de 5 anos: 1 punto
- Memoria descritiva das actividades e dos proxectos levados a cabo durante o exercicio anterior e previsión para o ano en curso: máximo de 4 puntos

2. Compromiso social da entidade (máximo de 10 puntos)

- Por promover a contratación de persoal con discapacidade no exercicio de 2022: 2 puntos
- Por estar inscrita no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia: 2 puntos
- Por contar cun plan de igualdade vixente: 3 puntos



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

- Por xustificar un mínimo de catro accións de promoción, aliñamento ou sensibilización cos ODS levadas a cabo no exercicio anterior: 3 puntos

3. Coordinación e colaboración (máximo de 4 puntos)

- Coordinación cos servizos sociais comunitarios municipais no exercicio de 2022: 2 puntos
- Coordinación ou colaboración con outras administracións públicas non municipais no exercicio de 2022: 2 puntos

4. Acreditación dun sistema de calidade e recoñecementos (máximo de 6 puntos)

- Certificado de calidade: 2 puntos
- Premios ou recoñecementos outorgados durante os últimos dous anos: 2 puntos
- Declaración de entidade de utilidade pública: 2 puntos

Para que poidan avaliarse, todos os criterios recollidos nos apartados anteriores deberán acreditarse documentalmente, seguindo a estrutura sinalada na base novena.

B) CRITERIOS RELACIONADOS CO PROXECTO (máximo de 70 puntos)

1. Achega económica propia da entidade para o desenvolvemento da actividade ou do proxecto obxecto de subvención (máximo de 10 puntos)

Este apartado valorarase en función da achega económica propia da entidade para a actividade obxecto de subvención:

- Achega propia para o desenvolvemento da actividade ou do proxecto obxecto de subvención do 21 % ao 35 %: 3 puntos
- Achega propia para o desenvolvemento da actividade ou do proxecto obxecto de subvención do 36 % ao 50 %: 5 puntos
- Achega propia para o desenvolvemento da actividade ou do proxecto obxecto de subvención superior ao 50 %: 10 puntos

2 . Presentación, contido e calidade técnica do proxecto (máximo de 15 puntos)

Valoraranse a descrición da finalidade do proxecto para o que se solicita a subvención, a adecuación e a coherencia dos obxectivos en relación co proxecto, as características e as necesidades da poboación destinataria, os protocolos e os indicadores de avaliación, os recursos humanos, materiais e económicos, a difusión e a publicidade etc., seguindo a estrutura especificada no anexo 1 destas bases.

Para a súa avaliación teranse en conta os seguintes criterios de puntuación:

- Proxectos ben fundamentados cunha estrutura interna clara e coherente, nos que se definan axeitadamente e de forma detallada todos os apartados do anexo 1: 15 puntos



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

- Proxectos definidos de forma xeral sen desenvolver os contidos en detalle, pero nos que se inclúan os aspectos máis importantes do proxecto, segundo os apartados do anexo 1: 8 puntos

- Proxectos definidos de xeito orientativo ou nos que non se desenvolvan con precisión todos os apartados do proxecto do anexo 1, pero se deduce a súa viabilidade: 5 puntos

Aqueles proxectos que non estean cubertos segundo o anexo 1 non se valorarán nin se lles asignará ningunha puntuación. Non presentar o proxecto constituirá un defecto non emendable e a solicitude non se admitirá a trámite

3. Integración da perspectiva de xénero (máximo de 4 puntos)

Neste apartado avaliarase se o proxecto describe detalladamente as medidas que se deben implementar para a transversalidade de xénero. Estas serán concretas, reais e eficaces, e centraranse en corrixir as desigualdades de xénero e promover a igualdade entre mulleres e homes no ámbito do proxecto.

Neste apartado pódense describir ata un máximo de catro medidas.

Criterios de puntuación: 1 punto por medida considerada axeitada e eficaz segundo a comisión avaliadora.

4. Implementación dos ODS na actuación obxecto de subvención (máximo de 5 puntos)

Neste apartado avaliaranse as accións que se levarán a cabo no marco do proxecto de cara a implementar os ODS; poderanse describir ata un máximo de cinco accións.

Criterios de puntuación: 1 punto por acción considerada axeitada e eficaz pola comisión avaliadora.

5. Tipoloxía do proxecto (máximo de 16 puntos)

- Proxectos de intervención social e/ou biopsicosocial, capacitación persoal e formación prelaboral que favorezan a adquisición ou a recuperación de funcións e habilidades persoais e sociais para mellorar a autonomía, a convivencia social e familiar e a inclusión social: 16 puntos
- Proxectos de información, orientación, asesoramento e/ou acompañamento ás persoas e ás súas familias: 12 puntos
- Proxectos de dinamización social e intervención sociocomunitaria: 10 puntos
- Xornadas, campañas e outras accións de prevención e sensibilización: 5 puntos

6. Persoas beneficiarias directas do proxecto obxecto da subvención (máximo de 10 puntos)

Este apartado valorarase en función do número de persoas beneficiarias do proxecto obxecto de subvención, segundo a seguinte valoración e distribución de puntuación:



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

- 50 persoas beneficiarias ou máis: 10 puntos
- De 30 a 49 persoas beneficiarias: 8 puntos
- De 20 a 29 persoas beneficiarias: 6 puntos
- De 10 a 19 persoas beneficiarias: 4 puntos
- De 1 a 9 persoas beneficiarias: 2 puntos

7. Temporalización do proxecto (máximo de 10 puntos)

Este apartado valorarase segundo o número de horas empregadas para a súa execución.

A maior puntuación neste apartado (10 puntos) concederáselles aos proxectos que duren todo o ano e teñan un número de horas igual ou superior a 1.920 horas anuais.

As actividades que teñan unha duración inferior a 1.920 horas anuais puntuaranse proporcionalmente, cun máximo de 160 horas por mes.

Décimo terceira. Procedemento de concesión

13.1 A concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrencia competitiva.

Establécese un prazo máximo de oito meses, que se computará a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 23.1 da LPACAP. Transcorrido o devandito prazo sen que se resolva e notifique a resolución, as entidades solicitantes poderán entender que a súa solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

13.2 Instrución do procedemento. A instrución do procedemento de concesión correspóndelle ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes conforme os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nesta convocatoria en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución provisional, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

No exercicio das súas funcións, o órgano instrutor poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información e dos servizos.

Avaliadas as solicitudes, a Comisión de Valoración emitirá un informe no que indicará a súa valoración segundo os criterios de concesión, a relación de entidades para as que se propón a concesión da subvención, a contía desta e os motivos de desestimación.

Para calcular a contía da subvención empregarase un algoritmo no que se terán en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria.



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

A comisión é un órgano colexiado composto por:

- Presidenta: a xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude
- Vogal: a xefa do Servizo de Fiscalización e Asesoramento
- Secretaria: a xefa de Sección de Cohesión Social

13.3 Resolución provisional e reformulación de solicitudes. Recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución provisional, a cal se lles notificará ás entidades solicitantes mediante a súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>) e na páxina web <http://www.depo.gal>, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da LPACAP.

Desde o día seguinte ao da publicación da proposta de resolución provisional, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días para formular alegacións.

Neste trámite de audiencia poderán manifestar a súa aceptación ou renuncia e, no seu caso, reformular as solicitudes. De non comunicar nada no devandito prazo, a axuda terá a consideración de aceptada.

Dado o carácter competitivo da subvención, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración e a documentación avaliable respecto ás solicitudes iniciais, entre os que se atopa o orzamento, os recursos humanos necesarios, a metodoloxía e a temporalización, entre outros.

En ningún caso, poderase autorizar a reformulación cando se danen dereitos de terceiras persoas. A reformulación que cumpra os requisitos esixidos e mellore os aspectos obxecto de valoración poderá admitirse, sen que a súa aceptación supoña modificar o importe asignado na proposta de resolución provisional.

13.4 Resolución definitiva. Unha vez efectuados os axustes derivados das renuncias, alegacións ou reformulacións, formularase unha proposta de resolución definitiva, que conterà a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe e na que se especificarán a avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

A Xunta de Goberno, previo informe de Intervención, resolverá definitivamente a aprobación das subvencións, indicará as entidades beneficiarias e os importes concedidos, e motivará a aceptación ou o rexeitamento das posibles alegacións recibidas. A resolución incluirá a relación de solicitudes denegadas e os motivos do seu rexeitamento.

As entidades beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva de concesión no BOPPO.

A resolución definitiva ponlle fin á vía administrativa. Contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.

Décimo cuarta. Notificacións e publicacións

A relación de entidades admitidas e excluídas notificarase exclusivamente a través da Sede electrónica (<http://sede.depo.gal>) da Deputación, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP e na páxina web <http://www.depo.gal>.

Así mesmo, a resolución definitiva publicarase tamén no BOPPO.

Por outra banda, e de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo quinta. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, en particular, as entidades beneficiarias estarán obrigadas a:

a) Levar a cabo a actuación subvencionable nos prazos que indiquen na súa solicitude, así como a presentar en forma e en prazo a xustificación.

b) Realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, cando menos, en incluír a imaxe institucional da Deputación de Pontevedra en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou en calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade e veracidade da difusión. Esta obriga poderá acreditarse mediante unha declaración responsable da entidade, acompañada de documentación acreditativa das medidas indicadas, que permita constatar a realidade e a veracidade da difusión.

O manual de imaxe corporativa poderase consultar en <https://www.depo.gal/identidade-corporativa>.

Estarán excluídas desta obriga aquelas subvencións nas que, pola súa natureza, a publicidade poida ser contraria ao respecto e á salvagarda da honra, da intimidade persoal e familiar das persoas físicas ou calquera outra na que, pola súa imposibilidade material, se xustifique a súa exención consonte os termos da convocatoria.

c) As entidades beneficiarias deberán pagarlles ás e aos seus acredores durante o período de realización da actividade subvencionada.

d) As entidades beneficiarias deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

financeira, no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

Excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma de pagamento, e así quede acreditado no expediente, poderá empregarse o pago en efectivo.

O incumprimento desta disposición para gastos que superen o importe de novecentos (900,00) euros suporá que se consideren non subvencionables, segundo o establecido no 38.2 da LSG.

e) Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia excepcional e debidamente xustificada que altere ou dificulte o desenvolvemento da actuación subvencionada.

f) Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada.

g) Someterse ao control financeiro da subvención concedida nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016, e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.

h) A actividade desenvolvida pola entidade debe cumprir coas obrigas establecidas na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; co Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; coa Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, modificada pola Lei orgánica 11/2015, de 21 de setembro; coa demais lexislación vixente en materia de igualdade; e co exercicio dos dereitos fundamentais das persoas.

Décimo sexta. Subcontratación

Enténdese que unha entidade beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedará fóra destes conceptos a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a entidade beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

A subcontratación, parcial ou total, non excederá do 50 % da actividade subvencionada. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que aumenten o seu custo e non lle acheguen valor engadido ao seu contido. As e os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, a cal asumirá a responsabilidade total da execución fronte á Administración.

As entidades beneficiarias non poderán subcontratar as persoas ou entidades previstas no artigo 29.7 da LXS:

- a) As que estean incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da LXS
- b) As que percibisen outras subvencións para realizar a actividade obxecto de contratación



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

c) As intermediarias ou asesoras nas que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, excepto que este pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados

d) As vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1. Que se obtivese a autorización previa expresa do órgano concedente

2. Que o importe subvencionable non exceda o custo no que incorra a entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria

e) As solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e proxecto que non a obtivesen por non reunir os requisitos ou non acadar a puntuación suficiente

Segundo o disposto no artigo 31 da LXS e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, antes da contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o realicen, o presten ou o subministren, ou salvo que o gasto se realizase antes de concederse a subvención.

Décimo sétima. Xustificación

Rematada a actividade subvencionada, e ata o 31 de xaneiro de 2024, as entidades beneficiarias deberán presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/public/dymanic/catalogo/tramitesxenericos>), a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, a seguinte documentación en arquivos independentes en formato PDF, co nome de cada arquivo, e cun índice numerado na seguinte orde:

1. Memoria explicativa e detallada da realización da actuación, na que se mencionarán expresamente os resultados obtidos, o cronograma de execución, o número de persoas beneficiarias e os recursos materiais, humanos e financeiros aplicados ao proxecto, e se indicará que se cumpriron os obxectivos propostos

2. Acreditación de que se lle deu difusión ao financiamento obtido. No caso de que figuren logotipos doutras entidades no material gráfico empregado, deberase aclarar o motivo da súa inclusión (achegar documento gráfico).

3. Anexo II.A COD SIA: 288331 Mod: 231.D086G: conta xustificativa dos gastos, tanto directos coma indirectos (no caso de que estes se declarasen no orzamento inicial), na que se especificará o custo ou gasto total da actividade subvencionada, se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo e se identificarán a ou o provedor,



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

o NIF, o número de factura, o concepto, o concepto equivalente no orzamento presentado coa solicitude e o importe. Debe utilizarse o modelo dispoñible na Sede electrónica.

Nesta conta xustificativa constará unha declaración responsable de que os gastos que figuran nela se aplicaron á finalidade subvencionada e de que o resto de xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade á disposición da Deputación para o seu exame.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial. Establécese unha porcentaxe de desviación máxima do 20 % dos custos directos con respecto ao orzamento inicial presentado. Os custos indirectos nunca poderán superar o 5 % dos custos directos xustificadas.

4. Xustificación con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida; para cada factura ou documento análogo indicaranse o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade.

5. Anexo II.B COD SIA: 288331 Mod: 231E086G: conta xustificativa de ingresos, segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica, na que se determinará o financiamento obtido para a finalidade subvencionada e se indicarán as entidades, os organismos, as e os particulares, e o financiamento propio, así como declaración responsable de que os ingresos ou recursos alleos obtidos non superan o custo ou os gastos da actuación subvencionada.

O incumprimento das obrigas de xustificación implicará a perda da subvención.

O órgano competente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda da metade do prazo inicial e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas (artigo 70 do RLXS).

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice este servizo, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderáselles esixir responsabilidade administrativa.

Décimo oitava. Pagamento

Para facer efectiva a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención que corresponda

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

Décimo novena. Incumprimentos, reintegros e réxime sancionador

Vencido o prazo de xustificación sen que a entidade beneficiaria da subvención presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Cohesión Social e Xuventude requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o inicio do expediente de perda da subvención e as responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento por parte das entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e na demais normativa aplicable, así como das condicións que no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión, e tras a tramitación do oportuno expediente, dará lugar, de forma parcial ou total, á súa cancelación e, no caso de que a subvención xa fose aboada, á obriga de reintegrar a achega económica, consonte o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

O reintegro levará engadida a esixencia dos xuros de demora correspondentes, desde o momento do aboamento da subvención ata a data na que se acorde que o reintegro é procedente.

De acordo co artigo 34 da LSG, o xuro de demora aplicable será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 %, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

No referente ás infraccións e sancións administrativas, aplicarase o previsto no artigo 52 e seguintes da LXS, no artigo 50 e seguintes da LSG e no artigo 32 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésima. Réxime xurídico

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS, na LSG, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable.

Así mesmo, rexeranse pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola LPACAP, e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas de dereito privado.

Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

“normativa aplicable”, dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

ANEXO I

Proxecto descritivo da actividade

Terá unha extensión máxima de dez folios a unha cara, coa fonte Century Gothic e tamaño 11.

De acordo co recollido no Regulamento para un uso inclusivo da linguaxe na Deputación de Pontevedra (BOPPO núm. 229, de 29 de novembro de 2017), deberá empregarse unha linguaxe escrita e iconográfica inclusiva e exenta de sexismo que promova a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

O proxecto deberá ter a seguinte estrutura:

A. Denominación ou nome da actividade ou proxecto

Identificación da actuación para a que se solicita a subvención.

B. Fundamentación ou xustificación

Diagnóstico e antecedentes que xustifiquen a posta en marcha da actividade ou do proxecto, explicación das prioridades e dos problemas detectados, así como a motivación de que a actuación é viable e a alternativa máis axeitada para acadar os obxectivos.

C. Natureza xurídica da entidade

Débese sinalar a natureza xurídica da entidade, as instalacións, a estrutura organizativa, o persoal co que conta e os servizos que presta.

Neste punto tamén convén incluír aspectos directamente relacionados coa actuación, coma as relacións con outras institucións, se existe vinculación do persoal de dirección da entidade co persoal que vai prestar os seus servizos no proxecto, a existencia doutro servizo externo etc.



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

D. Obxectivos

Detalle dos obxectivos xerais e específicos que se perseguen con referencia aos indicadores de seguimento aplicados.

E. Persoas beneficiarias directas e indirectas do proxecto

Identificación do número de persoas beneficiarias directas (aquelas directamente favorecidas pola realización da actuación) e tamén das beneficiarias indirectas.

F. Metodoloxía empregada

Descrición das diferentes actividades que se van levar a cabo para desenvolver a actuación, na que se especificarán as técnicas ou os instrumentos utilizados para acadar as metas e os obxectivos propostos, e as medidas que se implementarán para a transversalidade de xénero e as accións que se levarán a cabo no marco do proxecto para lograr os ODS.

A metodoloxía implica a definición das tarefas, das normas e dos procedementos para executar a actuación presentada co fin de transformar a realidade e melloralala.

G. Temporalización

Elaboración dun cronograma, no que se fará referencia á planificación das diversas accións desde o comezo ata o remate destas, co obxectivo de establecer as distintas etapas e as datas nas que se levarán a cabo. Así mesmo, indicaranse cales serán as persoas responsables e as funcións de cada unha delas, e detallarase o número de horas mensuais e as totais dedicadas á execución da actividade ou do proxecto.

H. Ámbito territorial de actuación

Detalle do ámbito territorial no que se vai desenvolver a actuación, con algúns dos aspectos máis significativos do barrio, lugar, parroquia, concello, comarca, provincia ou contorna, entre outros.

I. Valoración dos recursos da actuación

Para a valoración da actuación cómpre contar con diversos recursos que ofrezan unha certa garantía de viabilidade.

Especificaranse:

- Recursos humanos: descrición dos perfís do equipo humano que participará na súa posta en marcha e execución, e detalle das funcións e das responsabilidades específicas que asumirán na súa posta en marcha e execución
- Recursos materiais: detalle das instalacións necesarias e do material que se vai empregar



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

— Recursos financeiros:

- Orzamento detallado e financiamento da actividade; deberase achegar, no caso de que se conte con financiación doutras administracións públicas, unha declaración responsable na que se indique a Administración concedente e a contía da financiación, e, no caso de que non a houberse, declaración negativa
- Declaración de que existe copagamento por parte das persoas usuarias e/ou por parte doutras entidades, ingresos por outras actividades etc., se procede

K. Avaliación e impacto social estimado

Débense sinalar as técnicas e os instrumentos empregados para medir o grao de cumprimento dos obxectivos da actuación subvencionable e, deste xeito, proxectar o resultado estimado segundo os indicadores iniciais que se tivesen en conta e describir o impacto.

